

MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, CONCELEIRO-SECRETARIO EN FUNCIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local en sesión **ORDINARIA** celebrada o día dezaseis de abril de dous mil catorce, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

10/258 CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO DE INTERVENCIÓN PARA O CORPO DE BOMBEIROS DO CONCELLO DE LUGO 2014. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 25 de febreiro de 2014 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

I.-Prego de prescricións técnicas para a contratación da subministración de equipamento de intervención para o corpo de bombeiros do Concello de Lugo elaborado polo Sarxento de Bombeiros

II.- Mandamento contable de existencia de crédito presupostario na aplicación 13500.22104 do vixente Orzamento municipal de 2014 por importe de 56.610 euros asinado pola Tesoureira Municipal.

III.- Prego de cláusulas administrativas que rexerán a contratación de referencia elaborado polo Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento en data 24 de febreiro de 2014

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97, do 17 de xaneiro, sobre regulamentación dos servizos de prevención.
- Real decreto 486/97, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.

Código Seguro de verificación:ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
	Manuel Enrique Chaín Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==	PÁGINA 1/22



- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. Este contrato debe ser cualificado como un **contrato de subministración** recollido e regulado no artigo 10 do TRCSP que ten por obxecto a subministración de equipamento de intervención para o corpo de bombeiros do Concello de Lugo.

Segunda. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto No TRLCSP e no RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o **aberto**, de acordo co previsto nos artigos 138 e seguintes do TRLCSP.

Os criterios de adxudicación recollidos na cláusula décimo segunda do prego respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos pola LCSP sendo na súa totalidade matemáticos (redución do prezo de licitación e prazo de entrega)


Terceira. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndelle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde Presidente do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente (GMS); Ilma. Sra. DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación (GMS); Ilmo. Sr. DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural (GMS); Ilmo. Sr. DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Deportes (GMS); Ilma. Sra. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade (GMS), e o Ilmo. Sr. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Servizos Xerais e Participación Cidadá (GMS), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO DE INTERVENCIÓN PARA O CORPO DE BOMBEIROS DO CONCELLO DE LUGO 2014.

SEGUNDO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no

Código Seguro de verificación:ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
	Manuel Enrique Chaín Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==	PÁGINA 2/22
 ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==			

parágrafo anterior que, elaborados polo Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, a continuación e literalmente se transcriben:

A) "PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACION DE EQUIPAMENTO DE INTERVENCIÓN PARA O CORPO DE BOMBEIROS DO CONCELLO DE LUGO 2014

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto deste contrato a adquisición de equipamento de intervención para o corpo de bombeiros do Concello de Lugo segundo as características sinaladas no informe elaborado polo sarxento de bombeiros.

CPV 35811100-3 Uniformes para o corpo de bombeiros
CNAE 2009.- 14.12 Confeccion de roupa de traballo

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO


Trátase dun contrato de subministración, recollido e regulado no artigo 9 do Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e que ten por obxecto a a adquisición de equipamento de intervención para o corpo de bombeiros (51 equipos) do Concello de Lugo segundo as características sinaladas no informe elaborado polo sarxento de bombeiros.

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos Servicios de Prevención.
- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 210 do TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos.

Código Seguro de verificación:ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==	PÁGINA 3/22
 ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==			

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA. PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de subministración da totalidade das pezas que conforman o equipamento de intervención do corpo de bombeiros será de 120 días naturais dende a formalización do contrato todo elo sen prexuízo da redución do prazo ofertado polo adxudicatario.

CUARTA. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

O valor estimado do contrato é de 46.785,12 euros, polo que aplicado o % IVE (9.824,88 euros) resulta un prezo de licitación de 56.610 euros IVE incluído.

Non obstante o prezo do contrato será o ofertado polos licitadores nas súas proposicións.

Faise constar a existencia de consignación orzamentaria na aplicación presupostaria 13500.22104 do orzamento xeral de 2014 (RC 2014/9866)

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR

Este contrato adxudicarase polo procedemento **aberto**, previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.


Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estén incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 54 e seguintes do TRLCSP e conforme o establecido na cláusula seguinte destes pregos de cláusulas administrativas.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, asimesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as **UNIÓNS DE EMPRESARIOS** que se constitúan temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato posuirá a plena representación ante a administración e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

Código Seguro de verificación:ueQK8QxivhprxcDa951U1g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	4/22
 ueQK8QxivhprxcDa951U1g==			

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA

6.1.-A xustificación da **solvencia económica e financeira** deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, se é o caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- Declaración sobre o volume global de negocios e, se é o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou do inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas, poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

6.2 A **solvencia técnica** deberá ser xustificada mediante a acreditación de experiencia na realización de, a lo menos, dous contratos de subministracións de equipamento para bombeiros durante os últimos tres anos.

A tal efecto presentarán unha relación asinada polo licitador e comprensiva dos suministros realizados, descripción de cada un dos contratos, destinatario, importe e data de realización.

Xunto con esta relación achegarán certificado expedido ou visado polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público e cando o destinatario sexa un comprador privado mediante un certificado expedido por este, copia do contrato, informe da empresa contratante ou mediante a declaración do empresario de xeito que se permita comprobar o seu cumprimento.

SÉTIMA.- GARANTIAS

De conformidade co artigo 103 do TRCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis ventaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibese o requerimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, isto é:

- En efectivo ou en valores de debeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.

Código Seguro de verificación:ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==	PÁGINA 5/22



b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es)

O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

As empresas presentarán a súa proposición en DOUS sobres pechados, asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, dirección, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Ditos sobres denominaranse coas letras A (DOCUMENTACION ADMINISTRATIVA), e sobre B (OFERTA ECONÓMICA RELATIVA A CRITERIOS DE ADXUDICACION)

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincida en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA.

O sobre A - DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA - conterá, como mínimo, os seguintes documentos:


1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia auténtica do DNI

b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

-Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

Código Seguro de verificación:ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==	PÁGINA 6/22
			
ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==			

Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

-Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado:**

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá presentar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

Neste caso e para acreditar axeitadamente a representación perante o órgano de contratación o dito documento ou poder de representación deberá estar bastanteado pola Titular da Asesoría Xurídica do Concello ou por funcionarios/as do servizo de contratación do Concello habilitados ó efecto. Para isto, presentárase orixinal e fotocopia nas oficinas de contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións, de 9,30 a 14,00 horas, de luns a venres e aboarase a correspondente taxa (10,20 euros).

3.- **Declaración responsable** (conforme modelo do Anexo II) do licitador outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social** impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar asimesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato non habendo causado baixa neste.

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.


Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4.- Presentación da **alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.**

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da

Código Seguro de verificación:ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==	PÁGINA 7/22
 ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==			

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 14x200100258

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-4-2014

concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto legislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto

Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. **Para a acreditación deste requisito deberá achegar unha declaración responsable conforme o modelo do ANEXO II deste prego de cláusulas administrativas.**

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflicta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable (conforme modelo ANEXO I) no que se manifieste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.** A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

5.- Acreditación da **solvencia económica e financeira** así como **solvencia técnica e profesional** polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

Os licitadores con inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar - no caso de non reflectirse esta información no correspondente certificado - a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional.


6.- No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional,

Código Seguro de verificación:ueQK8QxivhprxcDa951U1g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	ueQK8QxivhprxcDa951U1g==	PÁGINA 8/22
			
ueQK8QxivhprxcDa951U1g==			

comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma sustancialmente análoga. Excepción deste requisito os casos de cotratos suxeitos a regulación harmonizada en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 146.4 DO TRLCSP, OS LICITADORES PODERÁN SUSTITUIR A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN RELACIONADA ANTERIORMENTE (apartados 1 a 6) DENTRO DO SOBRE A UNICAMENTE POR UNHA DECLARACIÓN RESPONSABLE INDICANDO QUE CUMPRE TODALAS CONDICIÓN ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN CONFORME O MODELO DO ANEXO III DESTES PREGOS

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B dentro do sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición.

O sobre B OFERTA ECONÓMICA (RELATIVA A CRITERIOS DE ADJUDICACION) conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI nº, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF nº,), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACION DE EQUIPAMENTO DE INTERVENCIÓN PARA O CORPO DE BOMBEIROS DO CONCELLO DE LUGO 2014**

b) Propón como **prezo do contrato**:

- Prezo sen IVE: euros.


- 21% IVE: euros.

- Prezo total con IVE: euros

* *Achegarase desglose económico de cada peza*

c) Un **prazo de entrega** da totalidade da subministración de días naturais dende a formalización do contrato.

Código Seguro de verificación:ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==	PÁGINA 9/22
 ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==			

d) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, se é o caso.

e) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

Dentro deste SOBRE B a empresa deberá presentar o correspondente DESGLOSE cos prezos unitarios IVE incluído para cada tipo de peza. A ausencia deste desglose implicará a exclusión do procedemento.

A suma dos prezos unitarios polo número de pezas indicadas no prego técnico non poderá superar o prezo total ofertado. En caso de contradicción procederase á exclusión do licitador.

XUNTO CO SOBRE B PRESENTARASE EN CAIXA OU ENVOLTORIO PECHADO UNHA MOSTRA DE CADA UNHA DAS PEZA A SUBMINISTRAR XUNTO CO CORRESPONDENTE INFORME DE CERTIFICACIÓN DE EXAME CE E CONFORMIDADE

A FALTA DE PRESENTACION DAS MOSTRAS E OS CORRESPONDENTES INFORMES IMPLICARÁ A EXCLUSIÓN DO PROCEDEMENTO,

DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓN

De conformidade co previsto no artigo 320 do TRLCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTE: A Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación.

VOGAIS:


- O Concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- O Interventor xeral ou funcionario/a que o substitúa
- Un representante da asesoría xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: O xefe do servizo de contratación ou funcionario/a que o substitúa.

O acto de apertura do sobre B celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

Código Seguro de verificación:ueQK8QxivhprxcDa951U1g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	ueQK8QxivhprxcDa951U1g==	PÁGINA 10/22
 ueQK8QxivhprxcDa951U1g==			

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Os criterios para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente mais vantaxosa serán os seguintes, os cales se sinalan por orde decrecente de importancia e ponderación:

- Menor prezo ofertado en global para a totalidade da subministración: Maximo 4 puntos

As ofertas que igualem o prezo de licitación (56.610 euros) serán valoradas con 0 puntos, as que oferten o prezo máis baixo con 4 puntos e as restantes de modo proporcional.

- Menor prazo de entrega (a oferta de prazo de entrega realizarase en días naturais) : Maximo 1 punto

Os que oferten o menor prazo de entrega serán valorados con 1 puntos, os que non oferten redución do prazo con 0 puntos, e o resto de modo proporcional.

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente mais vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que , dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación acreditativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil do contratante

Na notificación así como no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do contrato.

DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO..

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo máximo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Código Seguro de verificación:ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==	PÁGINA 11/22



Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional ue ,se é o caso houberese esixido.

Antes da formalización do contrato a empresa adxudicataria deberá achegar xustificante de aboamento dos gastos de anuncios e do importe dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato

DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

1. Os traballos executaranse con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste, dera ó contratista o responsable do contrato (sarxento de bombeiros) o cal terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TRLCSP.

Cando as instrucións fosen de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 105 e seguintes do TRLCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

4. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 227, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 228 do TRLCSP

5.- Os gastos que se deriven dos embalaxes, portes , certificados, etc... serán por conta do adxudicatario.

DÉCIMO SEXTA. GASTOS

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato (aproximadamente 300 euros)serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase así mesmo obrigado, se fose necesario, ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

DÉCIMO SÉTIMA.- LUGAR E PRAZO DE ENTREGA

O adxudicatario deberá entregar as pezas obxecto do subministro na sede actual do Parque de Bombeiros (Avda Coruña nº 500 – Alto Garabolos Lugo)

Os gastos de entrega e transporte dos bens obxecto do subministro ó lugar indicado serán de conta do contratista.

Código Seguro de verificación:ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==	PÁGINA 12/22



O adxudicatario deberá entregar os bens dentro do prazo de execución establecido na cláusula terceira deste prego de cláusulas administrativas e en bolsas ou caixas personalizadas cos datos do bombeiro. A tal efecto deberá comunicar por escrito (mediante fax) ó responsable do servizo cunha antelación mínima de 48 horas o día e hora e lugar de entrega, non sendo responsable o concello dos vicios ou defectos que tiveran os bens motivada pola entrega dos mesmos sen previo aviso.

A mora do adxudicatario non precisará de previa intimación por parte do Concello.

O adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou perxuízos ocasionados ós bens antes da súa entrega ó Concello.

No momento da entrega levantarase a correspondente acta de recepción. Se os bens non estivesen en estado de ser recibidos farase constar así na acta e daranse as instrucións oportunas ó contratista para que subsane os defectos observados ou se proceda a un novo subministro de conformidade co pactado.

No caso de que no momento da entrega se detecte algún defecto ou erro a o adxudicatario, no prazo máximo de 15 días naturais dende a devolución, estará obrigado/a a modificar, arranxar ou substituír aqueles uniformes ou pezas que non se axusten ós talles dos bombeiros que debidamente o acrediten ou que non se axusten ó prego de prescripción técnicas ou á súa oferta. Así mesmo, os cambios das pezas debido ós defectos de fabricación correrán a cargo do/a adxudicatario/a, que serán repostas nun prazo de 15 días naturais dende as devolucions delas.

Establecese un prazo mínimo de garantía de 24 meses contados a partir da data de recepción do subministro. Durante este prazo o adxudicatario está obrigado a substituir , correxir ou reparar as pezas ou elementos que presenten defectos de fabricación. Rematado este prazo o empresario quedará exento de responsabilidade e lle será devolta a garantía.

A empresa disporá durante este período de garantía dun servizo de mantemento dos equipos.

DÉCIMO OITAVA.- PENALIDADES

O subministrador seleccionado queda obrigado ó cumprimento do prazo de execución do contrato establecido nestes pregos ou no ofertado, se é o caso.

Se chegado o remate do prazo fixado, o subministrador incorrera en demora por causas imputables ó mesmo, o Concello poderá optar pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades económicas.

Por cada día de retraso na entrega, por causas imputable ó contratista, imponse unha penalidade diaria que consistirá nun 1% do prezo da/s prenda/s deixadas de entregar en prazo excluído o IVE.

Esta mesma penalidade aplicarase no caso de incumprimento dos prazos para arranxos e substitucións de prezas non recibidas de conformidade, todo elo de conformidade coa cláusula anterior.

DÉCIMO NOVENA. PAGAMENTO

O pagamento efectuarase contra factura unha vez efectuados os controles regulamentarios correspondentes e conformadas polo responsable do contrato, o

Código Seguro de verificación:ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==	PÁGINA 13/22



Exmo. Alcalde de Lugo así como pola Concelleira Delegada da área de economía, emprendemento, autónomos e educación.

DECIMO NOVENA . EXTINCIÓN DO CONTRATO

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas no artigo 223 e 308, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións de execución do contrato establecido no prego de prescricións técnicas que terá carácter esencial así como polo incumprimento do prazo de entrega ofertado.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224 e 225 do TRLCSP.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista implicará a incautación da garantía definitiva sen perxuízo da indemnización, se é o caso, polos danos e perxuízos causados no que exceda do importe da garantía definitiva.

VIXÉSIMA.- RÉXIME DE RECURSOS

Contra os actos que se relacionan no artigo 40 do TRLCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación por non atoparse nos supostos descritos no artigo 310, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ó da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.


ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REGISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN REXISTRAL

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º, en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACION DE EQUIPAMENTO DE INTERVENCIÓN PARA O CORPO DE BOMBEIROS DO CONCELLO DE LUGO 2014** declaro baixo a miña **responsabilidade:**

1º.- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores (indicar cal é o rexistro) non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

Código Seguro de verificación:ueQK8QxivhprxcDa951U1g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	ueQK8QxivhprxcDa951U1g==	PÁGINA 14/22
 ueQK8QxivhprxcDa951U1g==			

Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

1.
2.
3.

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ó Rexistro con data, mantendose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro

2º.- Que a empresa que represento atópase ó corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

En, a de de 2014

Asdo:

**ANEXO II
 MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACION DE EQUIPAMENTO DE INTERVENCIÓN PARA O CORPO DE BOMBEIROS DO CONCELLO DE LUGO 2014 declaro baixo a miña responsabilidade:**

Que o asintante desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.


Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

Asimismo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, ley 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interés dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 dexuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así



Código Seguro de verificación:ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==	PÁGINA 15/22
 ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==			

como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó organo de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

..... de..... de.....
 (Lugar, data e sinatura do licitador)

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS LEGALMENTE ESTABLECIDAS PARA PODER CONTRATAR CO CONCELLO DE LUGO

*** Esta declaración dentro do sobre A substitúa a presentación da documentación administrativa sinalada nos apartadfos 1 a 6 da cláusula décima dos pregos de cláusulas administrativas particulares**

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACION DE EQUIPAMENTO DE INTERVENCIÓN PARA O CORPO DE BOMBEIROS DO CONCELLO DE LUGO 2014 declaro baixo a miña responsabilidade:**

Que o asintante desta declaración así como a compañía mercantil á que represento reúne tódolos requisitos legalmente establecidos para poder contratar co Concello de Lugo as obras de referencia, en particular os requisitos de capacidade e solvencia económica e técnica esixibles na Lei e no prego de clausulas administrativas para poder ser adxudicatario do contrato de referencia.


Que o asintante desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Asimismo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, ley 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interés dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 dexuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así

Código Seguro de verificación:ueQK8QxivhprxcDa951U1g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	ueQK8QxivhprxcDa951U1g==	PÁGINA 16/22
 ueQK8QxivhprxcDa951U1g==			

como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsedade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó organo de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

..... de..... de.....
(Lugar, data e sinatura do licitador)”

B) “PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO DE INTERVENCIÓN PARA O CORPO DE BOMBEIROS DO CONCELLO DE LUGO.

- DESCRICIÓN DAS PEZAS.
- CARACTERÍSTICAS.
- CANTIDADE DE EQUIPAMENTO DE PROTECCIÓN PERSOAL.
- CERTIFICADOS.
- BAREMOS DE PUNTUACIÓN.
- GARANTÍA.
- PRAZO DE ENTREGA.

O obxecto deste prego de condicións técnicas é a para a adquisición de equipamento de uniformidade de intervención para o Servizo de Bombeiros co fin de renovar o referido material, posto que dende o ano 2014 se utilizan as mesmas pezas de roupa, e polo número de intervencións e lavados, perderon as características.


DESCRICIÓN DO CHAQUETÓN :

O chaquetón será de deseño tipo 2/4 longo, e estará confeccionado de forma que non limite a liberdade de movementos sen excesiva amplitude para evitar posibles enganches, estará formado por capas: Dianteiras, traseiras, mangas, colo e petos todas as pezas estarán cosidas con fío ignífugado e de cor segundo a peza para coser. Dispoñerá dos seguintes petos: 2 petos externos na parte frontal con peche por material velcro preferiblemente con fol e tirador, 2 petos verticais internos, un peto interior de parche con peche por cremalleira no lado dereito, un peto para transmisor modelo GP- 300 situado no lado dianteiro dereito, éste peto ao ser portador do transmisor, non evitará a utilización do correaxe do equipo de respiración dispoñerá ademais dun peto de radio para interruptor e aloxamento do PTT, un peto de forma de presilla para aloxamento do PTT próximo ao colo . O colo do chaquetón será alto con barreira térmica para protexer a cara e a caluga, sen que por iso dificulte a visión e movemento Terá a mesma resistencia ao calor radiante ca o resto da peza de roupa, posto que dispón das mesmas capas.

SISTEMA DE PECHE FRONTAL:



Código Seguro de verificación:ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==	PÁGINA 17/22
 ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==			

Constará de dobre peche :

Peche mediante cremalleira de malla de meta-aramida con tirador que permita a utilización con guantes, estará protexido para que non entre en contacto co usuario, será de alta resistencia, inxectada de dobre cursor para poder abrir o chaquetón por arriba e por abaixo, indistintamente, ou de apertura rápida tipo TOP OPEN dispoñerá de apertura para permitir a saída da corda para amarre no cinto, estará cuberta por solapa, o sistema de peche deixará oculto o peche de cremalleira.

PROTECCIÓN DE HOMBROS:

Protección mediante reforzos cosidos para utilización da correaxe do equipo de respiración co tecido de aramida antiestática de color azul mariño.

PROTECCIÓN DE CÓBADOS

Protección mediante reforzos cosidos con tecido de aramida antiestática de cor azul marino.

CINTAS BANDAS REFLECTANTES :

Dúas cors:

- Unha banda en todo o contorno inferior do chaquetón.
- Unha banda en cada antebrazo.
- Dúas bandas horizontais inferior e superior.
- Dúas bandas verticais traseiras situadas nos laterais de forma que sexan visibles utilizando incluso o equipo autónomo.

O chaquetón levará serigrafado un modulo que incluíra a inscrición: BOMBEIROS LUGO, en dúas liñas co ancho de letras 3 cm para bombeiros e 3,5 cm para Lugo, dispoñerá ademais dun módulo reflector para identificación do usuario mediante peche adhesivo tipo velcro.- As letras con dimensións superiores a 1,5 cm o longo do módulo identificador terá 15 cm. os chaquetóns para mandos levarán en forma rectangular con material adhesivo para colocar o galón de mando, total 4 adhesivos con raia en cor branca e fondo azul mariño.

ESCUDO :


Na ombreira esquerda levará o escudo do corpo unido por velcro en toda a superficie.

ETIQUETADO NO CHAQUETÓN:

Cada chaquetón levará a etiqueta normalizada figurando instrucións de lavado, coidado e conservación, pictograma e homologación EN 469, selos de homologación nome e enderezo do fabricante e ano de fabricación, talle e dimensións mínimas e máximas do usuario, os datos estarán imprimidos de forma que non se borren durante o tempo previsto de duración da prenda.

As dúas pezas (chaquetón e cubrepantalón) dispoñerán de certificación CE de tipo conforme o expresado na directiva 89/688/CEE de acordo cos procedementos de ensaio que sexan aplicables, segundo as normas UNE EN 340:2004, UNE EN

Código Seguro de verificación:ueQK8QxivhprxcDa951U1g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	ueQK8QxivhprxcDa951U1g==	PÁGINA 18/22
 ueQK8QxivhprxcDa951U1g==			

469/2005 e EN 1149-3: 2004, tendo alcanzado os niveis de prestación que se especifican no informe de ensaio e documentación técnica.

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DOS TECIDOS E ACCESORIOS:

Tecido exterior:

100% Aramida antiestatica (80% aramida + 18% para-aramida +2 % p140 antiestática). Tecido coa estrutura TWILL 2/1. Granaxe 220 gr/m2 (+-5%). Acabado de longa duración Xtra Petro Shield ou similares características e prestacions que repele a penetración de produtos químicos. Cor igual os que dispón o servizo na actualidade.

MEMBRANA:

De PTFE bicomponente laminada a unha base 100% de aramida. Peso: 140 (+-10 gr/m2) para proporcionar protección contra a penetración de auga exterior, permitindo de forma simultánea o paso cara ao exterior do vapor de auga do usuario e durante toda a vida útil da roupa.

RESISTENCIA A PENETRACIÓN DE LÍQUIDOS-ENSAIO ASTM F903.

- AFFF (3%).
- ÁCIDO DE BATERÍA.
- FLUÍDO HIDRÁULICO.
- GASOLINA.
- CLORO.

RESISTENCIA Á PENETRACIÓN DE VIRUS .

- Resistencia ao sange - ASTM F 1670.
- Resistencia o paso de patóxenos que poidan transmitirse a través do sange ASTM F 1671.

FORRO INTERIOR :

Tecido de 100% aramida coa peculiaridade que na súa estrutura presentará canles de aire permanentes grazas á colocación de fibras termoestables da fibra kevlar ou similares características e prestacións lonxitudinalmente ao longo de todo o forro.

ACCESORIOS .

Os accesorios que atravesen o material externo non entrarán en contacto coa superficie mais interna da ensamblaxe dos compoñentes.

REFLECTOR :

Da firma 3 m ou similares características e prestacións de 50 mm en cor marela/gris/marela de acordo a EN469, e EN471. situarase de acordo o que indique o servizo.

COSTURAS :

Código Seguro de verificación:ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==	PÁGINA 19/22



ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==

As costuras serán como mínimo de 10 mm excepto no forro, que serán de 5-7 mm . Para maior seguridade as exteriores están rematadas co fin de evitar desgarras ademais de estar remalladas ao longo de toda a súa lonxitude. As costuras da barreira de humidade estarán termoseladas para ter unha total estanquidade cunha cinta especial.

As costuras serán de dous tipos:

a) Costura de seguridade, con puntada de dobre agulla con :

- Sobrefiado efectuado sobre o tecido para evitar o esfiañado.

- Puntada en punto de cadeneta anoada.

b) Costura de seguridade con sobrepunta.

- Puntada suplementaria efectuada sobre dous tecidos acoplados ou cosidos cunha costura de seguridade e rematados con unha dobre puntada.

FIO :

100% Aramida de 3-4 cabos.

CAPAS :

O tecido exterior e as capas interiores: Barreira de humidade e forro estarán cosidos fixos con cunha cremalleira de 40 cm na parte da unión entre ambos os tecidos das costas do chaquetón.- Dispoñerá tamen de aperturas para drenaxes nos extremos.

CUBREPANTALÓN :

DESCRIPCIÓN :

Estará formado por dianteiros, traseiros, reforzos, forros e tirantes.

Os dianteiros únense aos traseiros polos costados e entreperna e entre sí polo tiro, na apertura e peche central empregarase cinta de adhesión ignífuga, nos baixos o forro interior será de neopreno ignífugo para evitar a humidade, dispoñerá de reforzos nos xeonllos e coxas para evitar o desgaste excesivo nestas partes permitindo á vez confort ao usuario, na cintura será elástico e con altura nas costas.

- En toda a peza utilizarase fío ignífugo, o cubrepantalón será de tipo peto cun longo suficiente para proporcionar un solape de 35 cm ao ser utilizado conxuntamente cun chaquetón.

TIRANTES :

Serán realizados con material elástico de gran resistencia e regulables, o peche será mediante sistema rápido.


PETOS :

Serán dous en ambas as perneiras co mesmo tecido exterior, o deseño será tipo parche con tirador, o peche será mediante solapa material de adhesión ignífugo velcro, dispoñerá dun peto interior de parche.

CINTAS REFLECTORAS :

Código Seguro de verificación:ueQK8QxivhprxcDa951U1g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	ueQK8QxivhprxcDa951U1g==	PÁGINA 20/22


ueQK8QxivhprxcDa951U1g==

Serán do mesmo tipo cás do chaquetón e das mesmas cores, irán situadas nos baixos do pantalón en todo o seu contorno, verticalmente incorporase outra cinta dende o xeonllo ata as cintas horizontais dos baixos.

ETIQUETADO.

Todo os cubrepantalóns levarán a etiqueta normalizada análoga á do chaquetón.

TALLES:

A empresa adxudicataria procederá a medir o talle individualizado de todos e cada uns dos bombeiros no parque logo de concertar data e hora., calquera outro sistema de medida de talle será responsable a empresa de todas aquelas anomalías que puidesen xurdir na súa realización; a entrega efectuarase en bolsas ou caixas personalizadas con todos os datos do bombeiro.

OUTRAS ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS DO EQUIPO DE ATAQUE O LUME :

Os ofertantes ademais das características descritas, indicarán:

Características do tecido utilizado nas dúas pezas como :

- Tecido exterior, composición.
- Barreira térmica (illamento térmico).
- Barreira de humidade (membranas).
- Forro interior (composición).
- Fío utilizado (incluídas bandas reflectoras).
- Sistema de costuras.
- Peso de cada peza en seco segundo talle
- Número de capas das pezas.
- Medidas de todo os petos.
- Material de protección de ombros e cónbados.
- Encollemento.

As pezas de roupa han de superar as condicións esixidas pola normativa EN-469, figurarán os resultados dos ensaios nas referidas pezas como:

- Resistencia mecánica (resistencia desgarramento a tracción).
- Solidez na cor.
- A cor do conxunto será azul mariño escuro.

Os ofertantes acompañarán :


Informe de certificación de examen CE e conformidade.

Co prego facilitarán un talle das prendas como mostra para comprobar e comparar as pezas en relación co seu deseño e características indicadas nestas bases, o equipo de protección facilitado como mostra servirá para avaliar a calidade, confort, peso etc.

BAREMO DE PUNTUACIÓN :

- Parte económica 4 puntos.
- Prazo de entrega 1 “

Código Seguro de verificación:ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==	PÁGINA 21/22
 ueQK8QxivhprxcDa951Ulg==			

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 14x200100258

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-4-2014

- **CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA:** Deberá ser xustificada mediante a acreditación, de experiencia na realización de, al menos, dous contratos de subministracións de equipamento para o corpo de bombeiros durante os ultimos tres anos.

A tal efecto presentarán unha relación asinada polo licitador e comprensiva dos suministros realizados, descripción de cada un dos contratos, destinatario, importe e data de realización.

As empresas ofertantes dispoñerán de servizo de mantemento, certificado e relación de servizos que adquiriron o referido equipo de protección.

O prezo límite total con ive incluído para os 51 equipos, será de: 56.610 euros.

GARANTÍA: 24 meses dende a recepción da subministración.

PRAZO DE ENTREGA: Prazo máximo 120 días dende a adxudicación."


TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 56.610,00 euros con cargo á aplicación 13500.22104 do vixente Orzamento xeral de 2014 (RC 2014/9866).

CUARTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 157 e seguintes do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a Acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde do Excmo. Sr. Alcalde, don José Clemente López Orozco, coa súa sinatura e a do Ilmo. Sr. Don Manuel Enrique Chaín Fernández, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural e Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local.

Código Seguro de verificación:ueQK8QxivhprxcDa951U1g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/04/2014
	Manuel Enrique Chaín Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	ueQK8QxivhprxcDa951U1g==	PÁGINA 22/22
			
ueQK8QxivhprxcDa951U1g==			